



Igrexa dos Clérigos en Oporto

As vacacións para os Maiores deste ano, organizadas pola Fundación O Noso Lar, serán en **Portugal**. Un País veciño e, seguro que, coñecido para moitos de nós.

A actual República Portuguesa ten a súa orixe na **Revolución dos Caraveis** que tivo lugar o día 25 de abril de 1974. Unha revolución pacífica que derrocou a ditadura no poder nese momento. Dando paso a unhas eleccións democráticas en abril do ano 1976.

Non pretendemos coñecer todo o país. Neste ano limitarémonos a visitar, admirar e gozar dalgúns dos lugares e monumentos máis significativos da metade norte.

**Saída** de Samos ás 8 da mañá o día 23 de abril de 2026.

A primeira parada en Portugal será en **Lamego**. Aquí xantaremos e disfrutaremos dunha cidade do interior marcada polo río Duero.

Nesta cidade celebráronse as famosas “*Cortes de Lamego*” nas que se aclamou a Afonso Henriques como primeiro rei de Portugal. Reinou co nome de Alfonso I.



Santuario de Nosa Señora dos Remedios

Visitaremos este emblemático Santuario do século XVIII que destaca pola súa recoñecida Romería, considerada no ano 2020 como una das 7 Marabillas da Cultura Popular de Portugal.



Santuario de Fátima

Pola tarde chegaremos a **Fátima**, unha vila pequena na que se encontra o Santuario do mesmo nome, un dos principais centros de peregrinación de todo Europa.

**Aquí pernoctaremos ata o día 26.** Os días 24 e 25 visitaremos a localidade de **Tomar**, co seu **Convento do Cristo**.

Outro lugar típico e turístico para visitar e disfrutar será **Nazaré**.



Catedral vella de Coimbra

O día 26 emprendemos viaxe cara **Coimbra**.

Unha cidade ribereña, atravesada polo río Mondego, ubicada no centro de Portugal. Antigualmente foi capital do país. Ten un casco antigo medieval no que se encontra a universidade que é a primeira de Portugal e unha das máis antigas de Europa.

No casco antigo encóntrase a catedral vella, de estilo románico.



En **Aveiro** estableceremos o noso cuartel xeral ata o día 30. Esta cidade está considerada una das máis bonitas de Portugal. Tamén se coñece como a “Venecia Portuguesa” polos seus canais surcados polas coloridas barcas chamados moliceiros, que se utilizaban tradicionalmente para

recoller algas marinas. O centro da cidade é famoso polos seus edificios modernistas.

Desde aquí visitaremos **Oporto** e **Viseu**. O día 30, xa de regreso, disfrutaremos da cidade de **Braga**.



Catedral de **Viseu**. É una cidade histórica, coñecida polo seu centro medieval.



Catedral de **Braga**

Os interesados deben anotarse antes do día 31 de xaneiro

**VACACIÓNS**

**CONVIVENCIA**

**PARA OS**

**MAIORES**

en

**Portugal**

**23-30 abril de 2026**

